

cello, por termo de 15 días hábiles, a efectos de exame e reclamacións. De non presentarse estas, entenderase elevado a definitivo o devandito acordado de aprobación inicial.

Cambados, a 28 de outubro de 2002.—A Alcaldesa Accidental, Rosa Oubiña Solla. 7820

E D I C T O

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 25.10.2002, acordou aprobar inicialmente o Expediente de Concesión de Crédito Extraordinario e Suplementación de Créditos Nº 1/2002, dentro do Presuposto Municipal do corrente exercicio, quedando exposto ó público o expediente, por prazo de 15 días hábiles, na Secretaría do Concello, podendo ser examinado e formularse reclamacións contra o mesmo, durante o devandito prazo.

De non presentarse reclamación ou observación algunha, entenderase definitivamente aprobado, segundo se dispón no propio acordo de aprobación inicial.

Cambados, a 28 de outubro do 2002.—A Alcaldesa Acctal., Rosa Oubiña Solla. 7819

* * *

P O I O

A N U N C I O

Aprobándose inicialmente esta Ordenanza, por acordo do Pleno de 30 de abril de 2002, e non presentándose reclamación algunha contra a mesma, durante o prazo de publicación no Boletín Oficial da provincia, de 26 de xullo de 2002, queda aprobada definitivamente procedéndose a súa publicación.

ORDENANZA MUNICIPAL QUE REGULA A OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CON MESAS, CADEIRAS VELADORES E INSTALACIÓN ANÁLOGAS

Artigo 1

As presentes normas teñen como finalidade regular a súa ocupación temporal ou permanente con mesas, cadeiras, quioscos, veladores ou instalacións análogas que constitúan complemento das actividades de hostalería, comerciais ou doutro tipo de establecementos.

Artigo 2

Os aproveitamentos obxecto da presente Ordenanza poderán efectuarse nalgunha das seguintes modalidades:

1.—Ocupación mediante terraza anexa ao establecemento hostaleiro, comercial ou similar, emprazado en inmovible ou local.

2.—Ocupación mediante quioscos de tempada con ou sen terraza.

3.—Ocupación mediante quioscos permanentes con ou sen terraza.

Artigo 3

1.—Entenderase por ocupación de terreos de dominio público municipal con terraza de veladores anexos a establecementos emprazados en inmovible ou local, a colocación naquel de mesas, cadeiras, parasoles, toldos, xardineiras, frigoríficos, máquinas expendedoras de artigos, básculas, expositores ou calquera outro exemplo análogo en liña de fachada ou fronte ao establecemento e sen barra de servizo distinta da do propio establecemento.

2.—Entenderase por quiosco de tempada a ocupación do dominio público municipal por instalacións constituídas por elementos arquitectónicos de carácter desmontable.

3.—Entenderase por quioscos permanentes a ocupación do dominio público municipal por elementos arquitectónicos de carácter permanente.

Artigo 4

A ocupación de terreos de dominio público municipal definidas nos apartados a) e b) do artigo anterior suxeitarase a licenza administrativa. A ocupación de terreos de dominio público municipal definida no apartado c) do artigo anterior suxeitarase a previa concesión administrativa, mediante concurso público, con arranxo ós artigos 85 a 90 do R.D. Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Artigo 5

Con carácter xeral as instalacións a que se refire a presente Ordenanza se suxeitarán as prescricións en canto a súa situación, réxime de distancias e protección do entorno urbano, non permitíndose en ningún caso colocar en torno ou nas proximidades armazóns, estantes, cortaventos, plásticos ou calquera outro elemento que poida dificultar o tránsito de persoas ou supoña deterioro do medio urbano.

Igualmente ao mobiliario e os elementos decorativos que pretendan instalarse os terreos de dominio público municipal para o exercicio das actividades regradas nas presentes normas serán homologadas polo Concello.

Artigo 6

Non obstante o disposto no artigo anterior, todas as instalacións deberán, ademais, cumprir os seguintes requisitos:

1.—A ocupación da beirarrúa non poderá ser nunca superior a metade da anchura libre, e sen que en ningún caso se poidan autorizar instalacións en beirarrúas da que a anchura sexa inferior a dous metros. No suposto de tratarse de prazas a superficie de ocupación no poderá exceder do 20% da superficie total do espacio.

Si a terraza de veladores se sitúa pegada a fachada do edificio, non poderá exceder a porción de este ocupada polo establecemento; debendo estar todo o seu perímetro dentro da superficie ocupada polo edificio en que empraza o establecemento e os dos colindantes, sen que poidan instalarse elementos de mobiliario urbano que resten visibilidade a outros establecementos, sen ocupar porción do dominio público que este fronte a outro edificio distinto dos sinalados. En calquera caso a distancia dos elementos de mobiliario urbano que se pretende instalar, e o bordo da beirarrúa será como mínimo de 1 metro.

2.—Deberán en todo caso deixarse completamente libres para a súa utilización inmediata, si fora preciso polos servicios públicos correspondentes:

- As entradas a galerías visitables.
- As bocas de rego.
- Os rexistros de rede de sumidoiros.
- As saídas de emerxencia.
- As paradas de transporte público.
- Os aparatos de rexistro e control de tráfico.
- Os respiradoiros dos aparcamentos subterráneos.

3.—Non poderá colocarse elemento algún de mobiliario que dificulte a manobra de entrada e saída en pasaxes permanentes ou laborais de paso de vehículos.

4.—O incumprimento das presentes normas dará lugar a revogación de licenza ou concesión.

5.—A autorización de terrazas, mesas e cadeiras, non supón a autorización de inclusión de publicidade nos elementos do mobiliario urbano a que se refire a presente Ordenanza precisando para isto da autorización específica do Concello.

6.—Actividades excluídas: as presentes normas non serán de aplicación ós actos de ocupación da vía pública, que se realicen con ocasións de feiras, festexos, actividades deportivas e análogas que se suxeitarán as súas normas específicas.

7.—Procedemento de determinación de espazos que poidan ser autorizados:

- a) As solicitudes de licenza presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, efectuando así mesmo o depósito previo establecido na Ordenanza Fiscal.

Nas instancias deberán facerse constar de forma detallada o seguinte:

- Licencia de actividade e funcionamento do establecemento.
- Imposto de Actividades Económicas (I.A.E.).
- Plano a escala da terraza que se pretende instalar con indicación dos elementos de mobiliario urbano, así como da súa clase, natureza, número, dimensións e colocación de estes.

- b) As instancias tramitadas pola Policía Local e dos Servicios Técnicos correspondentes, formularán propostas a Comisión de goberno Municipal quen en definitiva resolverá.

A non contestación das solicitudes no prazo dun mes se considerará denegación tácita a efectos da interposición dos correspondentes recursos.

8.—Efectos das autorizacións e concesións:

Tódalas autorizacións e concesións outorgaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

A autorización ou concesión non poderá ser arrendada, subarrendada nin cedida directa ou indirectamente, en todo ou en parte.

9.—Cando suxira circunstancias imprevistas ou sobrevidas de urbanización, así como de implantación, supresión ou modificación de servicios públicos, o Concello mediante resolución motivada poderá revocar a licenza concedida, sen dereito a indemnización e rescatar as concesións.

10.—Obrigacións: Limpeza, hixiene e ornato.

Será obrigación dos titulares das terrazas manter estas e cada un dos elementos que a compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato.

A tales efectos será requisito indispensable para o titular da instalación dispoñer dos correspondentes elementos de recollida e almacenamento dos residuos que poida ensuciar o espacio público, de acordo co disposto na presente Ordenanza Municipal de Limpeza.

Non se permitirá almacenar ou apiñar produtos ou materiais xunto a terrazas con veladores, nin fora da instalación fixa dos quioscos de tempada ou permanente, así como residuos propios da instalación, tanto por razóns de estética e decoro como de hixiene.

11.—Obrigacións: Lista de prezos, título, plano, libro de reclamacións.

Deberá figurar en lugar visible, enmarcados e coa debida claridade as listas de prezos, o título habilitante para o exercicio da actividade e o plano, debidamente selado, no que conste a superficie de ocupación autorizada, o número de veladores, parasoles, cadeiras e toldos así como a súa ubicación dentro de aquela.

Así mesmo todos os establecementos deberán dispoñer das correspondentes follas oficiais de reclamacións que conservarán a disposición das autoridades pertinentes.

Inspección e Sancións:

Artigo 7

O Alcalde ou no seu caso o Tenente de Alcalde Delegado, a través dos Servicios Municipais correspondentes será o competente para controlar o exacto cumprimento das normas establecidas na presente Ordenanza, correspondéndolle ó Alcalde a imposición de multas polas infraccións previstas nesta Ordenanza, conforme ó artigo 59 do R.D. Legislativo 781/86 de 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, sen necesidade de instruír expediente sancionador.

Artigo 8

Clasificación das infraccións:

As infraccións das normas contidas nesta Ordenanza e disposicións complementarias se clasifican en leves, graves e moi graves.

1.—Faltas leves:

- a) A falta de ornato e limpeza na terraza ou no seu entorno.
- b) O incumprimento de horarios.
- c) O deterioro leve nos cimentos do mobiliario e ornamentais urbano anexos ou colindantes ao establecemento que se produzan como consecuencia da actividade obxecto da licenza ou concesión.
- d) A ocupación de maior superficie da autorizada en menos dun 10%.

2.—Faltas graves:

- a) A reiteración por dúas veces na comisión de faltas leves.
- b) A ocupación de maior superficie da autorizada nun 10%.
- c) A falta da lista de rótulos de prezos ou exhibición defectuosa dos mesmos, así como a falta do plano de ocupación autorizada.
- d) A falta de aseo, hixiene ou limpeza no persoal ou elementos do establecemento sempre que non constitúan falta leve ou moi grave.
- e) Colocación de envases ou calquera clase de elementos fora do recinto do establecemento: no suposto de que así se fixera aparte das sancións sinaladas no artigo 9, os elementos situados fora do recinto do establecemento serán retirados polos Servicios Municipais sen previo aviso e a costa do titular da licenza ou concesión.

- f) A consumición de bebidas fora do recinto do establecemento no que foran expedidas.
- g) O deterioro grave dos elementos do mobiliario urbano e ornamentais anexos ou colindantes ao establecemento que se produzan como consecuencia da actividade obxecto da licenza ou concesión, cando non constitúan falta leve ou moi grave.
- h) A emisión de ruídos por riba dos límites autorizados.
- i) O incumprimento do horario de peche nunha hora.
- j) A non exhibición das autorizacións municipais preceptivas aos inspectores ou autoridades municipais que o soliciten.

3.—Faltas moi graves:

- a) A reiteración de tres faltas graves.
- b) A desobediencia ós lexítimos requirimentos dos inspectores e autoridades.
- c) A falta de aseo, hixiene e limpeza no persoal ou elementos do establecemento cando non constituía falta leve ou grave.
- d) Non desmontar as instalacións unha vez rematado o período de licenza ou concesión cando así fose ordenado pola autoridade municipal.
- e) A venda de alimentos en deficientes condicións.
- f) A venda de produtos non autorizados.
- g) O incumprimento do horario da música como así mesmo a emisión de ruídos por riba dos límites tolerados cando non constituía falta grave.
- h) O exercicio da actividade en deficientes condicións.
- i) Instalar elementos de mobiliario non autorizados nin homologados polos Servicios Municipais.
- k) Incumprir as condicións técnicas de instalación e dotacións sinaladas na licenza.
- l) A inserción de publicidade nos elementos instalados

Artigo 9

Sancións:

Por faltas leves se sancionará con multa de ata sesenta euros (60 eu).

Por faltas graves se sancionará con multas de ata cento cincuenta euros (150 eu).

Por faltas moi graves se sancionará con multa de trescentos euros (300 eu) podendo ser revocada a licenza ou concesión.

Disposición Adicional

Dada as peculiaridades do conxunto histórico de Combarro con independencia do exacto cumprimento das normas contidas na presente Ordenanza as terrazas que no mesmo se instalan deberán de suxeitarse as seguintes prescricións:

- a) As mesas e cadeiras serán de madeira, aluminio ou plásticas de cor marrón ou verde escuro.
- b) As xardineiras e parasoles deberán ter unhas características comúns que en todo caso requirirán a homologación do Concello. Os parasoles deberán ser todos eles da mesma cor, debendo igualmente ser autorizados expresamente polo Concello.
- c) Así mesmo queda prohibida calquera tipo de publicidade nos elementos a instalar tal e como se sinala no artigo 6 punto 5 da presente ordenanza.
- d) Para manter limpo o espacio público será obrigatorio a colocación dun entaboadado de madeira, formado por táboa fina cunha altura máxima de 10 cm., o entaboadado non poderá ocupar maior superficie da autorizada para a colocación de mesas e cadeiras.

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da provincia e transcurrido o prazo de 15 días segundo o previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril.

O que se fai público para xeral coñecemento, facendo constar que contra o acordo e ordenanza aprobada, poderá interpoñer directamente recurso contencioso, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde esta publicación, de conformidade co disposto nos artigos 10.1 B) e 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa.

Poio, 8 de outubro de 2002.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández. 7616

Tribunal Superior de Justicia de Galicia

SALA DE LO SOCIAL

Doña María Asunción Barrio Calle, Secretaria de la Sala de lo Social del Tribunal Superior de Justicia de Galicia.

Doy fe y certifico: Que en el recurso de suplicación núm. 6451/01-JHC seguidos a instancia de D. Leonardo Barros Fernández contra Instituto Nacional de la Seguridad Social, Tesorería General de la Seguridad Social, y la empresa Manuel Domín-

guez Varela, sobre revisión de invalidez, recayó sentencia en fecha dieciséis de octubre del presente año, que copiada en los particulares necesarios dice así:

“Fallamos: Que desestimando el recurso de suplicación interpuesto por el actor D. Leonardo Barros Fernández, contra la sentencia de fecha 19 de octubre de 2001 dictada por el Juzgado de lo Social nº 4 de Vigo, en los presentes autos sobre revisión de invalidez tramitados a instancia del recurrente frente al Instituto Nacional de la Seguridad Social, Tesorería General de la Seguridad Social y la empresa D. Manuel Domínguez Varela, debemos confirmar y confirmamos íntegramente dicha sentencia.

Notifíquese esta resolución a las partes y a la Fiscalía del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, haciéndoles saber que contra la misma sólo cabe Recurso de Casación para unificación de doctrina que se preparará por escrito ante esta Sala de lo Social dentro de los diez días siguientes a la notificación de esta sentencia y de acuerdo con lo dispuesto en los artículos 218 y siguientes de la Ley de Procedimiento Laboral y una vez firme expídase certificación para constancia en el rollo que se archivará en este Tribunal incorporándose al correspondiente Libro de Sentencias; previa devolución de los autos al Juzgado de lo Social de procedencia.

Así por esta nuestra sentencia, lo pronunciamos, mandamos y firmamos.”

Y para que así conste a efectos de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, a fin de que sirva de notificación en forma a la empresa Manuel Domínguez Varela, expido y firmo la presente en A Coruña a dieciséis de octubre de dos mil dos.—La Secretaria, María Asunción Barrio Calle. 7805

Audiencia Provincial

PONTEVEDRA

E D I C T O

Acordado en el rollo de apelación civil número 361/1999, dimanante de los autos de juicio verbal 296/1998 del Jdo. 1ª Inst. e Instrucción nº 2 de Ponteareas, se dictó sentencia con el nº 12/2002, con fecha siete de mayo de dos mil dos, la que, en su encabezamiento y parte dispositiva, dice así:

“La Sección Tercera de la Audiencia Provincial de Pontevedra, compuesta por los Magistrados Ilmos. Sres. D. Antonio-J. Gutiérrez R.-Moldes, Presidente, D. Cesar-Augusto Pérez Quintela y don Francisco-J. Valdés Garrido, ha pronunciado, en nombre del Rey, la siguiente:

Sentencia nº 12/2002.—En Pontevedra, a ocho de enero de dos mil dos.